This page was exported from - CGT Galicia
Export date: Sat Sep 24 19:34:25 2022 / +0000 GMT

# Campamento Solidario na praza do Concello de Vigo.




Levantouse un Campamento Solidario na praza do Concello de Vigo.

Acción consensuada naÂ asemblea que participamos distintos colectivos sociais, sindicais e políticos da cidade. Acordamos levar adiante esta acampada para visibilizar a dramà tica situación na que esta inmersa unha parte da poboación.

Preténdese con esta mobilización, presionar ao alcalde e á corporación, para que reciban a unha comisión formada por varios compañeiras e compañeiros co propósito de poñer enriba da mesa tres cuestións:
- Desafiuzamentos.
- Funcionamento do albergue.
- Cidadáns sen teito e na rúa.

Pedimovos a toda a afiliación do sindicato, que pasedes polo campamento para mostrar a vosa solidariedade e apoio a esta acción. O compañeiro Juan Miguel estará acampado. Non vos esquezades de asinar a petición de apoio ás xustas peticións formuladas.




A POBREZA
MATA


A POBREZA
MATA